


## O TESORO DELLA LINGUA ITALIANA DELLE ORIGINI: O FUTURO DO ITALIANO ANTIGO?

*Pär Larson*

Opera del Vocabolario Italiano (CNR)

A Opera del Vocabolario Italiano (OVI) é un instituto de investigación no campo da lingüística que pertence ao Consiglio Nazionale delle Ricerche (CNR) –un organismo estatal análogo ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas– e que ten a tarefa institucional de elaborar un vocabulario histórico da lingua italiana.

Dito desta maneira, soa moi ben, pero toda persoa que observe o substancial das cousas percibe rapidamente que se trata dun labor “ideal”, unha empresa irrealizable se se consideran as posibilidades reais do OVI de hoxe, cos seus catorce traballadores. Por tanto, é lóxico que desde hai dez anos eu e os meus colegas nos esteamos ocupando dun labor, sempre vasto, pero máis reducido e por isto concretamente factible: a primeira *tranche*, a primeira sección do proxecto que mencionei anteriormente, é un vocabulario histórico do italiano antigo chamado *Tesoro della Lingua Italiana delle Origini (TLIO)*.



A actividade de redacción do *TLIO*, despois de tantos anos de traballos preparatorios<sup>1</sup> –que ás veces foron tamén dispersivos, debo admitilo– comezou a se concretar só nos anos noventa do século pasado, cando decidimos que a base de datos textual era o bastante grande para que se puidese iniciar a redacción das primeiras voces, que despois se publicaron directamente, no 1997, na nosa páxina web (<http://www.vocabolario.org>).

Mencionei a base de datos como cousa coñecida, mais creo que sería necesario explicar con maior detalle de que se trata, xa que é esta base de datos a que converte *TLIO* en algo completamente novo en Italia. De feito, as nosas voces de vocabulario redáctanse sobre materiais dun corpus informatizado e non reutilizando e reelaborando os traballos desenvolvidos polos lexicógrafos das xeracións precedentes, como ten acontecido sempre nalgunha medida cos grandes dicionarios italianos (e tamén en traballos semellantes noutros países), que debemos, non obstante, tomar sempre en consideración, xa que estou falando do glorioso –aínda que moi envellecido– *Vocabolario della Crusca*, do tamén glorioso Tommaseo / Bellini

1. O *Tesoro*, e o propio OVI, naceron no seo da Accademia della Crusca nos anos sesenta do pasado século: soamente nos comezos dos anos oitenta pasaron a ser xestionados polo CNR. Para termos unha idea do vasto proxecto inicial e do entusiasmo que o alentaba pode resultar interesante a lectura dunha serie de artigos do principal promotor do proxecto, o grande lingüista Giacomo Devoto (1969: esp. 136-171) (trátase de textos publicados no xornal florentino *La Nazione* entre 1964 e 1968).

(1865-1879) e do recentemente finalizado *Grande Dizionario della Lingua Italiana (GDLI)*. Todos estes dicionarios abranguen tamén a fase antiga da lingua, pero non se ocupan especificamente dela, e para a época antiga refírense ademais a un corpus moito máis pequeno e máis literario que o noso. Dicionarios tradicionais deste tipo tenden, pois, a falsear a visión da lingua antiga, dada a súa formulación ‘teleolóxica’, observando sempre o antigo a través do filtro do moderno, como algo que nos leva ao moderno.

Polo contrario, o *Tesoro* redáctase *ex novo*, así que, se tamén nós cometemos erros, polo menos os nosos son erros orixinais e non herdados dos nosos predecesores! O corpus está constituído idealmente<sup>2</sup> por todos os textos en italiano antigo redactados nos primeiros séculos e editados dalgunha forma. O límite cronolóxico *ante quem*, nunha primeira fase dos traballos, fora fixado no ano 1375 –ano da morte de Giovanni Boccaccio, a última das chamadas “Tres Coroas” (*Tre Corone*) da literatura italiana<sup>3</sup>–, pero desde hai algúns anos desprazámolo ao ano 1400, onde permanecerá, aínda que este límite se supere nalgúns casos.

Podería ser útil subliñar un feito tan ben coñecido que frecuentemente o esquecemos: a lexicografía italiana nace, nun certo sentido, como lexicografía histórica. Os académicos da Crusca, a diferenza do que farían máis tarde os académicos de Francia e de España, codificando linguas orais xa existentes<sup>4</sup>, publicaron o seu primeiro *Vocabolario* no 1612 (os traballos preparatorios comezaran no 1591) para fornecer unha lingua literaria construída preferentemente na imitación da lingua dos escritores florentinos do *secolo d’oro*, o século XIV:

Nel compilare il presente Vocabolario [...] abbiamo stimato necessario di ricorrere all’autorità di quegli scrittori, che vissero, quando questo idioma principalmente fiorì, che fù da’ tempi di Dante, o ver poco prima, sino ad alcuni anni, dopo la morte del Boccaccio. Il qual tempo, raccolto in una somma di tutto un secolo, potremo dir, che sia dall’anno del Signore 1300 al 1400 poco più, o poco meno [...] (*Vocabolario della Crusca* 1612: f. a3v -A<sup>o</sup> lettori-).

Os *Cruscant* baseáronse só parcialmente nos usos da fala viva da época, para concentrarse nun canon de textos considerados como norma, elixido seguindo criterios de pureza lingüística aínda máis que de excelencia literaria. Deste punto de vista ideolóxico resultan interesantes as

2. Uso este termo porque, aínda sendo moi extenso, con 1.960 textos, 21.779.246 ocorrencias, 442.770 formas distintas, 116.597 lemas, 3.576.383 ocorrencias lematizadas, o corpus non está completo e continúa a crecer.
3. Trátase de Dante Alighieri (1265-1321), Francesco Petrarca (1304-1374) e Giovanni Boccaccio (1313-1375).
4. A primeira edición do *Dictionnaire de l’Académie française* data do ano 1694; a primeira do *Diccionario de la Real Academia Española* do 1780.

modificacións do mesmo título do vocabulario nos anos inmediatamente precedentes á súa publicación, coa referencia, máis política que lingüística, á “lingua toscana” e a mención, proposta para despois ser retirada a continuación, da lingua viva de Florencia:

1608: Vocabolario *della lingua toscana* degli Accademici della Crusca

1610: Vocabolario *della lingua toscana cavato dagli scrittori e dall'uso della città di Firenze* dagli Accademici della Crusca

1611: Vocabolario degli Accademici della Crusca

A base fonética e morfolóxica do italiano estándar moderno remonta así –cando menos nos seus trazos esenciais– á visión que da lingua florentina do século XIV tiñan os estudosos do tardío século XVI.

O *TLIO* é, pois, un vocabulario histórico do italiano antigo, desde os primeiros textos breves dos séculos IX e X despois de Cristo ata finais do século XIV. En verdade, falar de “lingua italiana” referíndose á época medieval é un anacronismo: só a partir do século XVI se pode comezar a falar dunha lingua italiana codificada non identificable con ningunha das variedades faladas daquela na península apenínica<sup>5</sup>. Ata o de agora os lexicógrafos e os lingüistas históricos ocupáronse do italiano antigo privilexiando a perspectiva de antecesor directo da lingua moderna, isto é, a antiga variedade da Toscana e sobre todo da cidade de Florencia (con algunha rara excepción en casos máis ou menos illados como o umbro da poesía relixiosa de Jacopone da Todi). Nun contexto rigorosamente lingüístico, no interior dun ambicioso proxecto recente no cal tiven unha pequena participación, a *Grammatica dell'italiano antico* dirixida por Giampaolo Salvi (Budapest) e Lorenzo Renzi (Padua) (Salvi / Renzi no prelo), o italiano antigo é identificado co florentino do século XIII, “a variedade que está na base do italiano literario e do italiano estándar moderno”: e esta é sen dúbida unha definición aceptable, pero non é a nosa.

Se quixese ser preciso e inatacable debería ter dito que o *TLIO* é un “vocabulario histórico das *antigas variedades italarromances*”, por máis que a cómoda expresión *italiano antico* encontre equivalentes perfectos noutras definicións lingüísticas análogas como *old English*, *ancien français*, *Althochdeutsch* e *español antiguo*, que definen tamén conxuntos dialectais heteroxéneos, coexistentes no mesmo *continuum* xeográfico e sen ningunha norma supradialectal.

5. A data tradicional é o ano 1525, no que se publica a primeira edición da *Prose della volgar lingua* de Pietro Bembo, onde se propón como norma literaria italiana o florentino do século XIV.

No OVI adoptamos sistematicamente esta definición moi ampla da expresión *italiano antico*: e é este feito o que quixen sinalar co título do meu traballo. Ademais, non fixemos escollas entre os xéneros. Os vellos dicionarios, que, como dixen, querían proporcionar un modelo de lingua escrita para imitar, sempre consideraron case exclusivamente a lingua literaria e relegaron os outros rexistros; para nós, non obstante, valen o mesmo, e frecuentemente máis, os termos que aparecen en textos técnicos e lexislativos (onde ás veces é posible coñecer con maior precisión o seu valor semántico) que os usados polos grandes escritores. O feito de que o corpus se constrúe como unha base de datos coloca todos os textos ao mesmo nivel, e o principal criterio de selección dos exemplos é o cronolóxico, xa non o do xénero do texto ou a súa orixe xeográfica.

Un pequeno *excursus*: entre as antigas variedades itallorromances existen tamén variedades moi afastadas entre si, polo menos tanto como as variedades romances da península ibérica: abonda con comparar, por exemplo, un texto de Milán, un de Xénova, un de Perugia e un de Sicilia para comprendelo: as isoglosas que separan a Lombardía da Sicilia son probablemente máis numerosas que as que separan Cataluña de Castela e de Galicia. A pesar disto, a vontade dos escritores e dos gobernantes dos diversos estados italianos impediu que se formasen verdadeiras linguas autónomas, así que a escolla do modelo toscano non foi o resultado dunha imposición –Florenza non dominaba politicamente ningún territorio fóra da Toscana!– senón o resultado dunha imitación literaria voluntaria e gradual.

O corpus do *TLIO* foi creado a propósito para a redacción do vocabulario, pero é tamén un instrumento independente. Por esta razón decidimos facelo accesible a todos os usuarios, e debo dicir que fan un uso intenso del<sup>6</sup>. Desde hai varios anos o corpus é consultable a través do sitio *ItalNet*, creado e mantido por un consorcio formado polo OVI, dúas universidades estadounidenses (Chicago e Notre Dame) e unha universidade británica (Reading); no 2005 puxemos tamén na rede unha versión do noso software interno, o *GATTO* (do que non falarei agora, pois esixiría case unha conferencia completa), chamada *GattoWeb*, que permite a calquera usuario efectuar consultas no corpus, para integrar os datos proporcionados polo *TLIO*, ou para investigacións privadas de todo tipo.

Despois desta premisa extremadamente sumaria volvo falar do mesmo *TLIO*, cuxo lugar de publicación oficial e primaria é o noso sitio

6. Para demostrarlle ao Consiglio Nazionale delle Ricerche que merecemos existir (xa que hai que facelo!) recolleemos no sitio web un elenco de traballos científicos que usan os nosos recursos.


web (<http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/>). É verdade que unha selección de voces se imprime cada ano no noso anuario, o *Bollettino dell'Opera del Vocabolario Italiano*, pero trátase sempre dunha escolla representativa e non da produción anual total de dúas mil voces<sup>7</sup>. Son consciente de que esta última cifra redonda pode parecer estraña, pero xa que formamos parte dun organismo estatal que coordina institutos de investigación en moitos campos diversos –e pertencentes a maior parte ás chamadas “ciencias puras”– decidimos declarar como tarefa anual esta cifra redonda de voces (aos burócratas gústanlles as cifras exactas), aínda que todos nós sabemos que os números no noso campo non significan nada. Dicar “2.000 voces de vocabulario cada ano” é como dicir “1.960 textos no corpus”, xa que un *texto* pode ser unha inscrición de dúas liñas sobre un sarcófago do século XII, pero tamén poden ser os catorce mil hendecasilabos da *Divina Commedia* de Dante ou os cen relatos do *Decamerone* de Giovanni Boccaccio.

Actualmente temos en rede máis de 17.000 voces, que pertencen maioritariamente ás primeiras letras do alfabeto, aínda que tamén a outras, ás veces dunha maneira un pouco abrupta. Mais non tanto: e para ilustralo cun exemplo lóxico poñemos o caso da persoa que estea redactando a familia lexical de *abbondare* e *abbondanza* e decida engadir tamén os derivados prefixados *sovrabbondanza*, *sovrabbondare* e *strabbondanza*, ou o caso de que o redactor da voz *asbergo* (un tipo de coiraza medieval) considere tamén as variantes *isbergo*, *osbergo*, *sbergo* e *usbergo* (e máis tendo en conta que a forma *usbergo* é a única que se coñece un pouco hoxe, porque aparecía nas vellas edicións non filolóxicas da *Divina Commedia* –nas edicións actuais comparece *asbergo*– nunha expresión que se converteu logo en proverbial).

As voces do vocabulario redáctanse consultando o banco de datos coa axuda do mesmo software que se necesita para crear, corrixir, modificar e lematizar o corpus: como xa dixen chámase *GATTO*. Trátase dun zoónimo accidental, o acrónimo de *Gestione degli Archivi Testuali del Tesoro delle Origini*. *GATTO* foi producido para as nosas esixencias específicas polo meu colega Domenico Iorio-Fili e actualízase continuamente. Se alguén tivese interese en probalo para os propios traballos pode descargalo gratuitamente desde a nosa páxina web, xunto co manual de uso.

E agora entremos no *TLIO*. Escollín unha voz recente, *errore* s.m.

7. Ata hoxe publicáronse once tomos do *Bollettino*, imprimidos pola editorial Edizioni dell'Orso de Alessandria (<http://www.ediorso.it>).




En primeiro lugar encontramos o lema en forma normalizada, seguindo polas indicacións da categoría gramatical. O lema está na forma italiana moderna se o termo aínda existe; os lemas con grafía “dialectal”<sup>8</sup> utilízanse exclusivamente para os termos testemuñados tan só nunha parte determinada do dominio italo-romance, posto que a tentativa de italianizalo produciría un lema ficticio.

A continuación, o lema encontra un “parágrafo cero”, composto por unha serie de subparágrafos numerados de 0.1 a 0.8.

O punto 0.1 contén unha lista de todas as formas gráficas do lema presentes no corpus (nos casos de palabras –sobre todo verbos– rexistrados en moitas variedades lingüísticas diferentes, esta lista pode ser longuísima). Para reconstruír o material sobre o que foi redactada a voz a través desta lista chega con premer na icona co gatiño a carón do lema, na esquerda da pantalla: aparece unha páxina de consulta que leva ao contorno *GattoWeb*, onde se visualiza despois o resultado completo da búsqueda no corpus, é dicir, o mesmo material sobre o cal traballou o compilador da voz:

8. Pode que sexa mellor que explique rapidamente que as palabras italianas *dialetto* e *dialettale* se usan con maior liberdade que en España, onde son usados frecuentemente, se estou ben informado, para descualificar as realidades lingüísticas consideradas subalternas.



O punto 0.2 está dedicado á etimoloxía e serve simplemente para identificar o lema a respecto doutras formas homógrafas e homófonas: sempre que sexa posible limitase a un reenvío a un dos principais repertorios etimolóxicos, neste caso á segunda edición do *Dizionario Etimologico della Lingua Italiana* (Cortelazzo / Zolli 1999)<sup>9</sup>. Nalgúns casos, cando o redactor pode descartar as hipóteses etimolóxicas recoñecidas ou posúe materiais ou coñecementos que permiten precisar a orixe dunha palabra, o parágrafo 0.2 pode conter tamén unha discusión etimolóxica orixinal.

No punto 0.3 indícase o texto que contén o primeiro testemuño do lema e, para facilitar a “navegación” no interior da voz, tamén o número da acepción onde está situado este exemplo.

O punto 0.4 ilustra o tipo de atestación do lema: móstrase a distribución xeolingüística inventariando os primeiros testemuños de cada área lingüística, divididas por comodidade en catro grupos: (1) textos setentrionais, (2) textos toscanos e corsos, (3) textos meridionais e medianos (con *mediani* indícase tradicionalmente os dialectos da Umbria, das Marcas e do Lacio, contiguos ao grupo toscano e máis próximos a el que ás falas propiamente meridionais), (4) textos sicilianos. Sinálanse non só os primeiros


9. Para as palabras derivadas de étimos latinos pertencentes ás primeiras letras do alfabeto, recórrese sistematicamente ao *LEI*.



testemuños absolutos de cada área, senón tamén (e esta é unha novidade nosa) os primeiros testemuños en textos lingüisticamente significativos. Estes textos, que están marcados na bibliografía e no corpus cun TS (“texto significativo”), son aqueles que consideramos homoxéneos e “sinceros”, e por tanto representativos da variedade lingüística a que pertencen: trátase sobre todo de textos de carácter práctico como libros de contas, cartas privadas, etc., que teñen menor aspiración literaria e reflicten mellor a auténtica lingua do escriba do que as composicións puramente literarias. Poño un exemplo: o exemplo máis antigo nun texto de Boloña está nun poema copiado no 1282 nos rexistros do concello chamados *Memoriali bolognesi*, e citámolo no punto 0.4. Pero indicamos tamén o primeiro testemuño nun texto boloñés marcado con TS, un documento do 1295.

The screenshot shows a Microsoft Internet Explorer browser window displaying the TLIO website. The search results for the word "errore" are visible. The page includes a search bar with the word "errore" entered, and a list of results. The first result is "ex. (sab.)" followed by a list of historical references: "In testi sic.: Giovanni Campula, 1302/37 (mess.); Accurso di Cremona, 1321/37 (mess.); Stat. palerm., 1343; Simone da Lentini, 1358 (sirac.)." Below this, there are numbered entries: "0.5 Locuz. e fras. avere errore di 4, cadere in errore 3.2, di errore 3.2, di grande errore 3, 3.2, 3.2.1, errore della natura 4.1, errore di fortuna 4.1; essere a errore 3.2.1; essere in errore 2, 3.2, 3.2.2, 5, mettere in errore 2, 3.2.1, 3.4, per errore 1, 3.2, prendere errore 3.1; senza errore 1.2, 4.2; stare in errore 2; stare in grande errore 2; tenere in errore 3.2.1, 3.2.2; trarre dall'errore 3.2.1, 3.2.2; trarre d'errore 2; trarre fuori dall'errore 3.2.2, ufficiale degli errori del monte 3.3.1, via dell'errore 3.2.2, vivere in errore 3.2." The second entry is "0.7 1 Lo spostarsi continuamente senza una direzione e una meta det.; tragitto di direzione estremamente variabile (percorribile soltanto in un lungo lasso di tempo). 1.1 Estens. [Con rif. ai pianeti] moto incessante (lungo una traiettoria det.). 1.2 Deviazione (da un tragitto det., che costituisce il percorso corretto o usuale). 1.3 Fig. Estazione nel compiere un'azione det., indugio. 2 [Con rif. al vagare della mente.] stato di confusione emotiva; affanno, tormento (anche specif. di natura amorosa). Fras. Essere, mettere, stare in (grande) errore, trarre d'errore. 3 Cattiva valutazione della realtà o di una sua manifestazione det. (specif. il considerare vero ciò che è falso o viceversa). 3.1 Cattiva valutazione sensoriale (spec. visiva), che porta il soggetto a percezioni deformate della realtà o alla percezione di oggetti privi di consistenza fisica. 3.2 Opinione o comportamento non conforme al suo oggetto o alla sua intenzione (segnatamente secondo una norma condivisa), stato di chi non valuta correttamente la realtà (per ignoranza, fraintendimento o inganno). Fras. Cadere, vivere in errore. 3.3 Azione o effetto del distogliere l'attenzione da ciò che si sta facendo; distrazione. 3.4 Difficoltà di valutazione o di interpretazione della realtà o portata

No punto 0.5 insírense eventuais observacións de carácter lingüístico sobre as construcións e sobre os usos sintácticos, e tamén informacións variadas que teñen que ver coa fonética, morfoloxía, etc. Aquí ten tamén o seu lugar o índice de locucións e da fraseoloxía rexistradas na voz (cando existen). Grazas a este índice é posible consultar as locucións en todo o vocabulario ata hoxe publicado. Na imaxe seguinte pódense ver os resultados dunha busca onde se visualizan todas as locucións que conteñen a palabra *mano*, e tamén as voces onde se encontran as locucións:



No punto 0.6 sitúanse anotacións de distinto tipo: sobre os usos do lema como nome de persoa ou de lugar, e tamén as ligazóns bibliográficas ou as ligazóns a outras voces do vocabulario.

No punto 0.7 fornécese un resumo da estrutura da voz, citando as definicións das acepcións únicas e subacepcións. Aínda que poida parecer unha cousa inútil, en moitos casos recorrer ao punto 0.7 pode ser suficiente para orientarse dentro do *TLIO*: o resumo corresponde realmente á lista das acepcións que se encontra nos dicionarios tradicionais que simplemente “ofrecen o significado das palabras”.

**0.7 1** Lo spostarsi continuamente senza una direzione e una meta det.; tragitto di direzione estremamente variabile (percorribile soltanto in un lungo lasso di tempo). **1.1** Estens. [Con rif. ai pianeti:] moto incessante (lungo una traiettoria det.). **1.2** Deviazione (da un tragitto det., che costituisce il percorso corretto o usuale). **1.3** Fig. Esitazione nel compiere un'azione det., indugio. **2** [Con rif. al vagare della mente:] stato di confusione emotiva; affanno, tormento (anche specif. di natura amorosa). Fras. *Essere, mettere, stare in (grande) errore; trarre d'errore*. **3** Cattiva valutazione della realtà o di una sua manifestazione det. (specif. il considerare vero ciò che è falso o viceversa). **3.1** Cattiva valutazione sensoriale (spec. visiva), che porta il soggetto a percezioni deformate della realtà o alla percezione di oggetti privi di consistenza fisica. **3.2** Opinione o comportamento non conforme al suo oggetto o alla sua intenzione (segnatamente secondo una norma condivisa); stato di chi non valuta correttamente la realtà (per ignoranza, fraintendimento o inganno). Fras. *Cadere, vivere in errore*. **3.3** Azione o effetto del distogliere l'attenzione da ciò che si sta facendo, distrazione. **3.4** Difficoltà di valutazione o di interpretazione della realtà o portata di un oggetto o

un'opinione, possibilità di dubbio o fraintendimento. Fras. *Mettere in errore*. 4 Stato di cose turbato, confuso, non conforme a giustezza. 4.1 Fras. *Errore di fortuna, della natura*: stato di cose non conforme a quanto costituisce la normalità (assunta a metro di giustezza), dovuto a fenomeni casuali. 4.2 Non conformità di un oggetto (prodotto da un'azione) alla sua intenzione o alla sua funzione, imperfezione, difetto. 5 Divergenza di opinioni circa la valutazione di un det. evento o oggetto (passibile di scatenare ostilità), malinteso, discordia. Fras. *Essere in errore*.

Finalmente, no punto 0.8 encóntrase a data de redacción e o nome do redactor. En caso de voces revisadas ou ampliadas, pódense engadir o nome do revisor e a data da revisión. As voces non asinadas, por tradición, fainas persoalmente o director. Tamén este punto é máis útil do que parece, porque os colaboradores vellos e novos son moitos (o número total, contando tamén as persoas que traballaron en colaboración con outros, e tamén persoas que fixeron só unha voz, é de 67 persoas), e tamén se procuramos uniformar o resultado dos seus esforzos poden quedar peculiaridades. Non obstante, a sinatura da voz serve sobre todo ao propio redactor, que está autorizado a citar a voz do vocabulario como obra súa e citala no seu currículo e na lista das súas publicacións.

The screenshot shows a web browser window displaying the TLIO website. The search bar contains the word "errore". The search results are as follows:

**RISULTATI RICERCA PER VOCI DI "errore"**

Trovati 1 elementi

1 Lo spostarsi continuamente senza una direzione e una meta det.; tragitto di direzione estremamente variabile (percorribile soltanto in un lungo lasso di tempo).

[1] *Sette arti liberali di Seneca volg.*, a. 1325? (fior.), pag. XXVII.4: Noi non possiamo intendere a udire, s'egli [[scil. Ulisses]] solamente tra Italia, e Sicilia fu gittato dal vento, ovvero se fu menato dal vento fuori del mare usato da noi, perocché non poté in sì piccolo spazio essere **errore** così lungo.

[2] *Simintendi*, a. 1333 (prat.), L. 1, vol. 1, pag. 34.15: poscia vennero alti fiumi, i quali da quella parte che l'impeto gli porta menano con **errori** l'effaticate acque nel mare.

[3] *Ciampolo di Meo Ugurgieri*, a. 1340 (sen.), L. 6, pag. 180.10: lo Minotauro è ine dipinto, mista generazione e schiatta biforme, ricordamento e memoria d'uso venereo da non nominare: qui era figurata quella fadiga e **errore** inestricabile del laberinto...

[4] *Dondi dall'Orologio, Fime*, XIV (padov.), 413, pag. 12: Tu à el saper, el poder et l'ingegno: / svejami sì che tolta de **l'errore** / la vaga tua barcheta prenda porto.

- Fig.

[5] *Boccaccio, Filostrato*, 1335-36 (?), pt. 6, ott. 17.3, pag. 180: E se vi fosser ben dodici Etori, / com'un ven n'è, e sei tanti fratelli, / se Calcàs per ambage e per **errori** / qui non ci mena, parimente d'elli, / quantunque sieno, i disati onori / avremo e tosto...

- [Con rif. al ricorrere della febbre]. Locuz. avv. *Per errore*: presentandosi più volte nel tempo (con modalità irregolare). || V. *errante* 1.

[6] *Gregorio d'Arezzo (?), Fiori di med.*, 1340/60 (tosc.), pag. 49.9: l'ira è bollimento di sangue intorno al capo, di cui si possono accennare: *Et dicitur quod in quibusdam corporibus dicitur quod in quibusdam...*

Se agora entramos na mesma voz, a primeira cousa que percibimos é que se citan moitos exemplos para cada acepción. Isto é unha consecuencia directa da 'ideoloxía' lingüística que expliquei antes: se por *italiano antico* entendemos, como dixen, o conxunto de todas as antigas varie-

dades itallorromances temos o deber de documentar a fondo a situación. Existen tipos lexicais semanticamente simples pero difundidos por todo o territorio itallorromance, onde baixo unha soa acepción son citados corenta exemplos: por esta razón a lectura do *TLIO* pode resultar ás veces un pouquiño indixesta.

As diferenzas entre o *TLIO* e os outros dicionarios históricos italianos son, como se pode ver, numerosas; mais, alén das características que acabo de ilustrar, existen outras. Antes de concluír esta miña breve exposición mencionarei dous trazos do noso vocabulario que non están presentes noutros instrumentos lexicográficos análogos.

A primeira delas é a marca *Glossa*. Cando nun exemplo o lema tratado vén dalgún xeito explicado ou glosado –na mesma variedade lingüística do propio texto ou nunha outra– o exemplo vai precedido da abreviatura Gl. Isto sucede nos exemplos tirados de verdadeiros glosarios bilingües:

[5] *Gl Gloss. pron.-it.*, XIV in. (it.sett./fior./eugub.), pag. 108.1: Aziman .i. **calamita**.

[3] *Gl Senisio, Declarus*, 1348 (sic.), 53v, pag. 65.4: Circopaticus a um, animal quoddam simile simie, sed caudatum, quod dicitur **gactu maymuni**.

[6] *Gl Gloss. lat.-eugub.*, XIV sm., pag. 87.2: Hic catus, ti et hic murilegus, hic pilax, cis id est lo **gacto**.

Mais tamén acontece noutras ‘glosas’ máis discursivas e casuais:

[4] *Gl Serapiom volg.*, p. 1390 (padov.), *Bestiario*, cap. 27, pag. 433.9: E butage sovra de l’aqua da alto cum grande **impeto**, **çoè remore**, açò che la faça spuma, po muove questa soçura fortemente e arecogi questa spuma.

[1] *Gl Francesco da Butí, Inf.*, 1385/95 (pis.), c. 21, 1-18, pag. 544.24: Et in-tende prima l’autore di trattare qui del peccato della baratteria, che per altro nome si chiama **moccobellaria**; e **mocco-bellaria** è vendimento, o vero comperamento di quello che l’uomo è tenuto di fare per suo ufficio o in cose publiche o private, per danari o per cose equivalenti.

Os exemplos marcados deste xeito pódense procurar nas voces do *TLIO* a través da función de busca *Gloss(ario)*.

A segunda característica do *TLIO* que me gustaría salientar refírese ás voces presentes en textos consistentes en traducións doutra lingua. No noso corpus existen, a carón de obras orixinais en verso ou en prosa, numerosos textos traducidos do latín, do francés antigo ou doutras linguas como o provenzal, e mesmo –caso único e extremadamente precoz– unha tradución do castelán, unha parte do *Libro delle stelle fisse* de Afonso o Sabio realizada contra 1341 por un florentino residente en Sevilla.

Cando o redactor o considera útil, un exemplo tirado dunha tradución pode ir acompañado do fragmento correspondente do texto de procedencia:

[3] *Bibbia* (03), XIV-XV (tosca), 2 Re 18, vol. 3, pag. 257.9: 6. E uscìo il popolo contra ad Israel, e fue fatta la battaglia nell'**albareto** di Efraim. || Cfr. II Sm 18, 5-8 «factum est proelium in salu Ephraim».

[2] Bono Giamboni, *Vegexio*, a. 1292 (fior.), L. 1, cap. 1, pag. 6.25: In che modo la poca gente de' Romani contra la moltitudine de' Galli averebbe avuto potenza? Come la loro piccola statura contra la grandezza degli **Alemanni** averebbe avuto ardimento? || Cfr. Veg. *Mil.* 1, 1: «Quid adversus Germanorum proceritatem brevitatis potuisset audere?».

[1] Andrea da Grosseto (ed. Selmi), 1268 (tosca), L. 4, cap. 16, pag. 329.10: **Allegramente** sono da amare le virtù, però che dice Augustino... || Cfr. Albertanus, *De amore et dilectione Dei*, L. IV, cap. 3: «Virtutes dixi vehementer esse diligendas»

[8] <*Tesoro* volg. (ed. Gaiter), XIII ex. (fior.)>, L. 7, cap. 17, vol. 3, pag. 281.15: ma guarda che tu per prestezza non perdi la perfezione di tua opera; chè 'l villano disse, cane frettoloso fa catelli ciechi. || Cfr. B. Latini, *Tresor*, II, 66, 5: «di vilains dist ke hastive lisse fet chiens avules».

Deste xeito resúltalle posible ao lector comprender o modo de traballar dos tradutores medievais e ter unha idea de como eran percibidas na época as linguas diferentes do italiano e, se cadra, mesmo comprender o proceso de xeración de certos latinismos ou estranxeirismos que sobreviviron na lingua.